



Guía Docente				
Datos Identificativos				2017/18
Asignatura (*)	Antropoloxía da educación		Código	652G03029
Titulación	Grao en Educación Social			
Descriptor				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	2º cuatrimestre	Terceiro	Optativa	6
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento				
Coordinación	Sucasas Peón, Juan Alberto	Correo electrónico	alberto.sucasas@udc.es	
Profesorado	Sucasas Peón, Juan Alberto	Correo electrónico	alberto.sucasas@udc.es	
Web	www.udc.es (página web de la Fac. de Ciencias de la Educación)			
Descrición xeral	A materia Antropoloxía da educación tenta asentar no alumno unha reflexión sobre a significación humana do proceso educativo; é dicir, fundamentar os procesos formativos desde unha perspectiva antropolóxica, tanto no sentido da antropoloxía filosófica coma no da antropoloxía cultural. Establece unha conexión entre a índole cultural do ser humano (o home non é mera natureza, senón animal cultural) e a necesidade conseguinte da educación como ingrediente esencial da cultura. Presta, por outra banda, particular atención ó carácter multicultural do mundo contemporáneo, con decisivas consecuencias no eido educativo, e á necesidade de dotar ó proceso educativo dun espírito crítico que cuestione os estereotipos responsables das diferentes formas de marxinalización e exclusión sociais.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título
A1	Coñecer os campos da educación social e recoñecer novos ámbitos emerxentes.
A2	Comprender os supostos e fundamentos históricos, pedagóxicos, psicolóxicos e sociolóxicos da acción socioeducativa e os seus ámbitos de actuación, valorando as súas implicacións.
A5	Identificar e analizar os factores contextuais que afectan os procesos de intervención socioeducativa.
A8	Detectar factores de vulnerabilidade, de exclusión e de discriminación social que dificulten a inclusión social, escolar e laboral de persoas e colectivos
A11	Observar, analizar, interpretar procesos de mediación social, cultural e educativa.
B1	Elaborar, analizar, sintetizar, valorar e transmitir criticamente a información.
B5	Capacidade de mostrar actitudes coherentes coas concepcións éticas e deontolóxicas propias da profesión.
B6	Adquirir e dominar habilidades comunicativas que permitan transmitir información, ideas e propostas a diversas audiencias.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe	
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título



Fundamentar, antropolóxicamente, a centralidade do proceso educativo na constitución e evolución do home como "animal cultural";	A1 A2 A5 A8 A11	B1 B5 B6	C1 C3 C4 C6
Interpretar o proceso educativo como o procedemento principal de integración dos individuos nunha sociedade, atendendo a distinción entre socialización primaria e secundaria	A1 A2 A5 A8 A11	B1 B5 B6	C1 C3 C4 C6 C8
Analizar o feito multicultural e criticar os prexuízos etnocéntricos	A1 A2 A5 A8 A11	B1 B5 B6	C1 C3 C4 C6 C8
Analizar os compoñentes principais da cultura (técnicos, simbólicos e sociais) e a súa interrelación nos procesos sociais e, especialmente, educativos	A1 A2 A5 A8 A11	B1 B5 B6	C1 C3 C4 C6 C8
Detectar as distorsións que na vida social introducen os estereotipos que transmiten actitudes negativas cara a colectivos definidos	A1 A2 A5 A8 A11	B1 B5 B6	C1 C3 C4 C6 C8

Contidos	
Temas	Subtemas
1. Antropoloxía filosófica, antropoloxía cultural e feito educativo	1.1. Antropoloxía filosófica e antropoloxía cultural: caracteres universais e formas particulares do humano 1.2. Introducción á antropoloxía filosófica 1.3. Introducción á antropoloxía cultural
2. O animal cultural	2.1. Concepto de cultura 2.2. O fundamento antropolóxico da cultura 2.3. Principais sectores da cultura
3. Cultura e educación	3.1. A educación como problema cultural: a transmisión do aprendido 3.2. Educación como socialización
4. Multiculturalismo e educación	4.1. A problemática multicultural: concepto e implicacións 4.2. Consecuencias educativas da multiculturalidade
5. Estereotipos, marxinación e exclusión en perspectiva educativa	5.1. Etnocentrismo e exclusión social 5.2. Unha situación histórica: o estereotipo antisemita na Alemaña moderna 5.3. Papel da educación na loita contra dos esteretipos e as súas consecuencias marginalizadoras

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais



Proba mixta	A2 A5 A8 A11 B1 B6 C1 C4 C6 C8	2	33	35
Seminario	A1 A2 A5 A8 A11 B1 B5 B6 C1 C3 C4 C6 C8	21	36	57
Lecturas	A2 A5 A8 A11 B1 B5 B6 C1 C3 C4 C6 C8	0	21	21
Sesión maxistral	A2 A5 A8 A11 B1 B5 B6 C1 C3 C4 C6 C8	21	10	31
Atención personalizada		6	0	6

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Proba mixta	Realizarase segundo a data e hora previstas no calendario oficial de exames. Constará do comentario dun fragmento extraído dos textos obxecto de lectura nas sesións de seminario e dunha cuestión teórica sobre os contidos abordados na aula, tanto nas sesións maxistrais como nos seminarios.
Seminario	O traballo de seminario constitúe, xunto coas sesións maxistrais, o elemento central do traballo da aula na materia. Aborda o estudo dos núcleos temáticos dos contidos mediante a análise, posta en común, discusión e interpretación de textos (artigos ou capítulos de libros) propostos ó alumno. O traballo de seminario supón unha dobre tarefa, a realizar fóra da aula, por conta do alumno. Por unha banda, a lectura previa dos textos. Por outra, o comentario de fragmentos extraídos dos mesmos e posterior, en consecuencia, ás sesións de seminario. Propóranse ó alumno 5 fragmentos, un por cada un dos bloques de contidos, dos que el seleccionará 3 entregando os comentarios correspondentes.
Lecturas	Propóranse varios libros de lectura dos que o alumno seleccionará un. Na aula ofreceranse unhas orientacións xerais, pero a lectura do libro será tarefa do alumno fóra da aula. Deberá assimilar o contido do texto, poñéndoo en relación co conxunto da materia, e elaborar un xuízo crítico sobre o mesmo. Na proba mixta incluírase un apartado referido ó libro de lectura, que permitirá calificar este aspecto do traballo do alumno. Propoñeráse ós alumnos a posibilidade de adiantar a realización da proba do libro de lectura, realizándoa durante o período lectivo.
Sesión maxistral	Recurrirá á exposición oral do profesor, co obxectivo de introducir nos núcleos conceptuais principais das unidades temáticas abordadas e establecer as pautas esenciais para a lectura dos textos que serán obxecto de análise e discusión nas sesións de seminario.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descrición
Proba mixta Seminario Lecturas	As dúbidas puntuais que os alumnos prantexen poderán ser resoltas no interior da aula. Aqueles casos que requiran máis tempo de atención persoal serán atendidos nas titorías, dacordo có horario que figurará no taboleiro do despacho do profesor. Tamén se atenderán consultas dirixidas a través do correo electrónico.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación



Proba mixta	A2 A5 A8 A11 B1 B6 C1 C4 C6 C8	A proba mixta constará dun fragmento a comentar (extraído dos textos obxecto de análise nas sesións de seminario), cuxa cualificación máxima será de 2 ptos., e dunha cuestión teórica a desenvolver (referida ós contidos abordados tanto nas sesións maxistrais como nas de seminario), cuxa calificación máxima será tamén de 2 ptos. Valorarase, no caso do comentario, a análise conceptual do fragmento, a reconstrución da súa estrutura discursiva e a contextualización nun marco máis amplo (autor; corrente; época; problemática); asimesmo, a claridade expresiva e a precisión no uso dos conceptos. No que atinxe á cuestión teórica, serán obxecto de valoración: a cantidade e calidade da información recollida na resposta; o enfoque global da mesma; o rigor conceptual e discursivo da exposición; a claridade expresiva.	40
Seminario	A1 A2 A5 A8 A11 B1 B5 B6 C1 C3 C4 C6 C8	A cualificación do traballo de seminario, que inclúe a lectura previa polo alumno dos textos e a elaboración polo alumno de 3 comentarios (sobre 5 fragmentos que lle serán propostos e que estarán extraídos dos textos traballados nos seminarios), farase do seguinte xeito: tres cuartas partes corresponderán á cualificación dos comentarios, cuha puntuación total de 3 ptos. (1 pto. de calificación máxima por cada comentario) e a cuarta parte restante valorará a asistencia e participación do alumno nas sesións de seminario, correspondéndolle unha cualificación máxima de 1 pto.	40
Lecturas	A2 A5 A8 A11 B1 B5 B6 C1 C3 C4 C6 C8	A cualificación do libro de lectura farase mediante a resposta do alumno a unha cuestión que lle sexa prantexada sobre o mesmo, acompañada dun breve fragmento. A cualificación máxima será de 2 ptos. Valorarase o nivel de comprensión e síntese do libro leído, a conexión que se estableza entre o seu contido e o conxunto da asignatura, a claridade expresiva e conceptual, e a argumentación da valoración persoal.	20

Observacións avaliación

Esquema do reparto da cualificación do alumno (sobre unha cualificación máxima de 10 ptos.): a) PROBA MIXTA: 4 ptos. de cualificación máxima, dos cales 2 correponderán ó comentario e outros 2 á resposta á cuestión teórica; b) SEMINARIO: 4 ptos. de cualificación máxima, dos cales 3 correponderán os 3 comentarios entregados (1 ptos. por comentario) e 1 pto. que valorará a asistencia e participación nas actividades da aula; c) LECTURA.- 2 ptos. de cualificación máxima; calificarase por medio da resposta que o alumno dé a cuestión que, a partires dun fragmento da obra elixida, se lle propoña; o alumno respostará xunto coa proba mixta, pero haberá dúas cualificacións distintas (a da proba mixta -4 ptos.- e a do libro de lectura -2 ptos.).

Na segunda oportunidade (Xullo) mantense os criterios anteriores, coa salvedade de que o punto reservado á asistencia e participación na aula distribuirase entre as outras tres cualificacións parciais, dacordo coa súa aportación proporcional á cualificación global.

Admítese a dispensa académica. No caso de atoparse alumnas o alumnos nesta situación, establecerase dun xeito persoalizado a orientación da súa aprendizaxe na materia mediante unha porcentaxe mínima de asistencia á aula e/ou asistencia a titoría. En calqueira caso, os criterios de avaliación serán os mesmos que para o resto do alumnado.

Fontes de información



Bibliografía básica	- Ch. Wulf (2004). Introducción a la antropología de la educación. Barcelona, Idea Books - VV.AA. (1998). Antropología de la educación. Madrid, Dykinson - H. Bouché Peris (2002). Antropología de la educación. Madrid, Síntesis - P. M^a Pérez Alonoso-Geta (2007). El brillante aprendiz: antropología de la educación. Barcelona, Ariel - VV.AA. (2003). Lecturas de antropología para educadores. Madrid, Trotta - A. Caride (1995). Cuestiones de antropología de la educación. Barcelona, CEAC - O. Fullat (1997). Antropología filosófica de la educación. Barcelona, Ariel - R. Mate, O. Guariglia e L. Olivé (eds.) (2017). Filosofía práctica y filosofía de la cultura. Madrid, Trotta - J. A. Pérez Tapias (2000). Filosofía y crítica de la cultura. Madrid, Trotta - D. Sobrevilla (2013). Filosofía de la cultura. Madrid, Trotta - R. Hilberg (2005). La destrucción de los judíos europeos. Madrid, Akal
Bibliografía complementaria	- Ch. Taylor (2003). El multiculturalismo y la política del reconocimiento. Madrid, F.C.E. - M. Scheler (1978). El puesto del hombre en el cosmos. Buenos Aires, Losada - G. Pico della Mirandola (2002). Discurso sobre la dignidad del hombre. Barcelona, PPU - C. Paris (2000). El animal cultural: biología y cultura en la realidad humana. Barcelona, Crítica - M. Mead (1972). Educación y cultura. Buenos Aires, Paidós - D. Goldhagen (1997). Los verdugos voluntarios de Hitler. Madrid, Taurus - P. Berger y Th. Luckmann (1991). La construcción social de la realidad. Buenos Aires, Amorrortu - O. Lewis (1985). Antropología de la pobreza: cinco familias. México, F.C.E. - C. Castoriadis (1989). La constitución imaginaria de la sociedad. Barcelona, Tusquets - G. Gusdorf (1969). ¿Para qué los profesores?. Madrid, Cuadernos para el Diálogo

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente de acordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías